

## **BASES DA CONVOCATORIA DO “ESPAZO CONCILIA” 2019**

### **1.- CONTIDOS**

A Concellería de Igualdade e o Centro de Información á Muller convoca o “Espazo Concilia”; un espazo socioeducativo de lecer e de apoio á infancia para favorecer a conciliación da vida laboral e familiar e fomentar a corresponsabilidade. Ao longo do verán traballarase cos cativos e cativas arredor da igualdade, a corresponsabilidade e a prevención da violencia a través de diversos talleres.

### **2.- NÚMERO DE PRAZAS E PERSOAS DESTINATARIAS**

O número de prazas ofertado é de 35.

Poden solicitar a participación no “Espazo Concilia” os/as nenos/as que no momento de presentarem a solicitude teñan os 3 anos cumpridos e non superen os 12 anos.

### **3.- LUGAR DE CELEBRACIÓN, DATAS E HORARIOS**

A ludoteca desenvolverase nas instalacións da Casa Rosada, sita no Centro de Servizos Sociais do Concello, entre o 3 de xullo ó 6 de setembro, de luns a venres, en horario de 08.30 a 14.30 horas.

#### **4.- INSCRICIÓN**

As **solicitudes** deberán formularse no impreso que estará dispoñible no rexistro de entrada da Casa Rosada ou na oficina do Cim, xuntándose a documentación que se relaciona no impreso, en horario de de 09:00 a 14:00 horas.

O prazo para presentar as solicitudes **comezará o día 24 de maio e rematará o día 3 de xuño.**

#### **5.- PREZO**

Os prezos públicos para o **Espazo Concilia** foron aprobados pola Xunta de Goberno do Concello de Poio.

Tarifas: 25 €/ mes de xullo

25 €/ mes de agosto

10€/ mes de setembro

#### **6.- SELECCIÓN DE PARTICIPANTES**

Unha vez rematado o prazo de presentación de inscricións, adxudicaranse as prazas segundo o seguinte baremo, no caso de existir maior demanda que oferta:

##### **6.1.- SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR:**

-Familias monoparentais (**4 puntos**)

-Valorarase con **1 punto** cada fillo/a menor de 12 anos na unidade familiar

-Menores pertencentes a familias de especial vulnerabilidade (**4 puntos**)

-Menores empadroados en Poio (**12 puntos**)

-Menores non empadroados en Poio cuxos proxenitores ou titores legais (ámbolos dous) traballen ou un deles traballe ou teña unha empresa ou negocio en Poio . No caso de familias monoparentais deberá atoparse nesa situación o pai(nai/titor/tora a cargo do/a menor. (**12 puntos**)

-Dous o máis fillos/as matriculados na mesma ludoteca e quenda (**2 puntos**)

## 6.2.- SITUACIÓN LABORAL:

-Familia con dous proxenitores en activo (**4 puntos**)

-Familia onde só un proxenitor estea en situación laboral activa (**2 puntos**)

En caso de empate de puntuación, adxudicarase a praza por orde de inscrición.

## 7.- DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA FORMALIZAR A INSCRICIÓN7MATRÍCULA

Solicitude de inscrición segundo o Anexo I

Fotocopia do DNI do pai/nai/titor/a

Fotocopia da tarxeta sanitaria do neno/a

Fotografía tamaño carne do neno/a

Volante de empadramento actual( o solicitará a organización ao padrón)

Libro de familia ou fotocopia do DNI do/a menor

### **Se os/as proxenitores/titores traballan:**

Vida laboral ou fotocopia da cabeceira da última nómina

### **Para as familias monoparentais:**

Documento oficial acreditativo da súa situación: sentenza xudicial de separación, *divorcio ou xustificación da interposición da demanda de separación/divorcio*

### **Familias en situación de especial vulnerabilidade:**

Informe de Servizos Sociais ou do CIM

### **Outra documentación:**

Documentación relevante sobre datos médicos (enfermidades, alerxias, medicación) ou situacións familiares que sexa preciso coñecer para o bo desenvolvemento da actividade)

**Non se admitirá ningunha matrícula que non teña a documentación completa.**

**Non se aceptará a documentación despois de estar feita a matrícula**

## **8.- PROCESO DE SELECCIÓN**

- Baremación das solicitudes e documentación segundo o previsto no punto 6 destas bases.

- Publicación dunha listaxe provisional de admitidos/as coas puntuacións acadadas o día 5 de xuño, no taboleiro de anuncios do Concello, en <https://concellopoio.sedelectronica.gal/board/>, e no Centro de Información á Muller.

-Emendar erros e/ou falta de documentación, presentación de reclamacións ou presentación de renuncias: do 6 ao 7 de xuño.

-Publicación da listaxe definitiva de admitidos/as e da listaxe de agarda cos/as solicitantes excluídos/as que seguirá a orde que resulte da baremación: 11 de xuño no taboleiro de anuncios do Concello, en <https://concellopoio.sedelectronica.gal/board/> e no Centro de Información á Muller,

En función das baixas que se produzan na actividade os/as nenos/as accederán á ludoteca seguindo a orde na que figure na lista o que será debidamente notificado por teléfono e/ou correo electrónico

- Confirmación da praza co pago da matrícula no número de conta que se facilitará: do 12 de xuño ao 14 de xuño. Deberase ademais remitir o xustificante de pago do importe da actividade ó Centro de Información ás Mulleres mediante correo electrónico: [igualdade@concellopoio.org](mailto:igualdade@concellopoio.org) ou de xeito presencial. No caso de non

aboardarse o importe no prazo sinalado entenderase como unha renuncia e a lista correrá segundo a orde que resulte da baremación.

Se unha vez obtida a praza e aboada a cota de inscrición, o/a participante non puidera asistir á actividade, non terá dereito a devolución da cota e entrará o seguinte neno/a en reserva, salvo por causa debidamente xustificada e acreditada documentalmente.

## **9.- PUBLICIDADE DA ACTIVIDADE**

As bases para o “Espazo Concilia” da presente convocatoria se atopan no Centro de Información á Muller sito na “Casa Rosada” e no taboleiro de anuncios do Concello no enlace <https://concellopoio.sedelectronica.gal/board/>

A participación nesta actividade supón a aceptación das presentes bases.